

*Ortigas. Xiana Arias Rego*

**Miro Villar**

**Formas de citación recomendadas**

**1 | Por referencia a esta publicación electrónica\***

VILLAR, MIRO (2011 [2008]). “*Ortigas. Xiana Arias Rego*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 2007, 191-193. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/131>>.

**2 | Por referencia á publicación orixinal**

VILLAR, MIRO (2008). “*Ortigas. Xiana Arias Rego*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 2007, 191-193.

\* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## ORTIGAS. XIANA ARIAS REGO

Miro Villar

Moito se ten falado e aínda se falará da pretendida inflación e pertinencia dos premios no noso sistema literario e non é este o lugar para afondar neste debate, porén benvidos sexan sempre se serven para a publicación de obras que non o ían ter doado ou para a descuberta de libros como *Ortigas* e de poetas como Xiana Arias Rego (A Fonsagrada, 1983). En efecto, a coñecida xornalista do Diario Cultural da Radio Galega puido ollar impresas estas páxinas grazas a recibir o XIX Premio Nacional de Poesía Xosemaría Pérez Parallé, unha curiosa iniciativa creada polo Círculo Mercantil e Industrial-Unidad (*sic*) de Fene, na que un ano antes se produciu unha (r)evolución da man do seu novo coordinador, o poeta Eduardo Estévez, que converteu unha convocatoria bilingüe, de aí o de “nacional” no que pensaban os seus promotores, nun certame monolingüe en galego (que ben soa agora o de “nacional”), e que xestionou a publicación no catálogo de poesía de Espiral Maior. Esta feliz virazón produciuse no XVIII Premio que acadara o libro *Tanxerina* de Mario Regueira e que desta volta reafirmaba a súa aposta polas voces novas. Tampouco é de estrañar isto cando o xurado estivo composto polo propio Mario Regueira, por Medos Romero e por María do Cebreiro, a quen non debeu serlle fácil posicionarse a favor de *Ortigas* e non pola indubidable calidade estética do libro senón polo feito de que unha das citas dos poetas convocados pola autora proveña do magnífico (*nós, as inadaptadas*) da propia María do Cebreiro.

Sorprende moito que Xiana Arias opte por un compañeiro de promoción poética para o prólogo da súa *opera prima*, cando nestes casos adoita botarse man dalgún mestre e, na nosa opinión, estes versos [192] merecían un prefacio de Ana Romaní ou de Chus Pato, por moitas e diversas razóns. As dúas páxinas que asina o Leo F. Campos son certamente prescindibles, aínda que non lles falta comicidade desde a frase inicial “Había ben tempo que non me ortigaba” até a derradeira “Ortiguémonos todas/os. É a loita final”. Tanta dose de pementa nun libro de moito sal non nos parece a mellor carta de presentación, mais a autora, soberana, terá as súas razóns para esta escolla dunha interpretación tan persoal.

O volume divídese en sete apartados, mais hai unha medula que percorre todo o espíñazo do libro como fío que enlaza todo, trátase da presenza das “lauras” (unhas veces xeralizadas en minúsculas e outras individualizadas en maiúscula), que son unha sorte de sinécdoque das mulleres como vítimas da violencia machista que se aparece e reaparece multiforme.

“Ortigas” é o título da primeira parte e “as ortigas non aparecen explicitamente máis ca no título”, como di o Leo F. Campos no prefacio, mais pouco importa porque a comechume e a erupción da urticaria do desasosego nos acompaña até o derradeiro verso (por

certo, ben acaído o rostro endurecido da muller que ilustra a cuberta da autoría de Xosé Carlos Hidalgo). A cita inicial dos *Crímenes ejemplares* de Max Aub xa nos advirte do tránsito polo medo e pola violencia nas sete composicións deste apartado. Os versos acolllen moitas veces as estruturas dialóxicas conformadas entre o ti ou o ela/elas e un eu de natureza neutra e afastada. E lonxe da adxectivación óptase por continuas obxectualizacións do cotián, que converte os recintos interiores da casa nunha especie de cárcere, velái cinseiros, neveiras ou outros mobles de cociña, mesmo “Na praia a area é un sofá / unha manta, / unha camiseta, / un vestido”.

No segundo apartado, “A pel entre os dentes”, as diferentes lauras simbolizan a condición de mulleres condenadas á ablación, á prostitución, á violación ou a calquera rexistro da violencia machista, con versos desacougantes e intensísimos: “Hai unha laura núa ofrecendo sexo a cambio de comida” ou tamén “A esta, á de rosa, metéronlle unha pistola na vaxina / unha noite nunha comisaría calquera”. Rebelándose contra o habitual, as dúas citas, neste caso de Roque Dalton e de Adrienne Rich, non aparecen como pórtico, senón que son un intermezzo necesario na constatación da violencia, e apelan nos dous casos aos instintos suicidas. De novo a dor, de novo as obxectualizacións do cotián (botes de cristal, táper, armario de cociña, conxelador...), con versos potentísimos como este “Recollo do chan lauras rotas como bonecas de porcelana”. E de novo o abalo entre o singular e o plural da enunciación e tamén as estruturas dialóxicas que acadan o seu cumio no poema a xeito de brevísima peza teatral da páxina trinta.

Os estragos físicos fanse máis evidentes no terceiro apartado, “A raíña do underground”, onde a caída do pelo é un dos síntomas máis preclaros da degradación. Desta volta un dos *Poemas de amor* de Bertolt Brecht, situado despois do primeiro texto, ofrece unha chave interpretativa, asociada ao abandono e, polo tanto, a un dos rostros do desamor. As frustracións da existencia fanse máis evidentes, o traballo nun supermercado, a alienación, o odio á familia, e como resposta a violencia da oprimida contra a violencia da opresión, “No hospital non paras de berrar. Insultas á médica. Pola noite levántaste e afogas á veciña do cuarto”. Son versos que falan do baleiro e tamén da cegueira “es unha estúpida se pensas que para non ver chega con pechar os ollos”.

Na cuarta parte, “Cullarapos de sopa”, Xiana Arias perpetra con fortuna seis breves poemas en prosa, aínda que a narratividade está sempre presente até nas composicións máis líricas, tan só interrompidas pola cita de María do Cebreiro que antecede ao texto que pecha a serie. Malia a todo non existe un xiro temático, continúa a presenza da morte e da violencia (“Mírame cinco minutos. Logo cóspeme”), do desacougo e da culpa (“Desaprendín como se pide perdón”), e coa dura e fermosa apelación ao diálogo durante o café e a comida do quinto texto, que se converte nun paradigma da violencia verbal exercida nos ámbitos do íntimo. Desta volta tamén os dobres sentidos “Xoguemos un tute de tres. Iso é un cabrón. Xoguemos un cabrón” e a metaliteratura, cando se sinala que “Isto non é literatura feminina”, acompañándose dunha brevísima definición, que para nós é un dos textos máis brillantes do libro.

Breve e en prosa tamén é o seguinte apartado, intitulado “(Nunca choveu que non escampase) Historias do arrabalde”, dúas historias sobre a falta da liberdade e sobre o medo, a primeira remedando un conto infantil e a segunda en estrutura dramática.

“A rúa” é o título da sexta parte, con sete poemas que abundan en aspectos xa comentados, co dialoxismo e a reiteración temática, desta volta coas citas tiradas dos *Últimos poemas* de Nâzim Hikmet e do *Cancionero y romancero de ausencias* de Miguel Hernán-

dez, que (re)inciden na morte. Alén diso e da presenza das lauras ou da Laura, por vez primeira aparece outro nome, Tara (e aquí convén lembrar a Tara dos versos da nosa Emma Couceiro e a Tara da poeta cordobesa Elena Medel), mais os textos que causan máis impresión son os dous poemas en prosa que pechan a serie, con diferentes perspectivas sobre a pederastia ou a violencia asociada aos abusos a menores, neste caso a rapazas.

Finalmente, “Vostede non limpa nunca?” engade outros dous novos poemas en prosa, o primeiro que inclúe unha deliciosa reflexión metapoética (acaso autopoética?) a partir da petición “escribeme unha carta en que me contes que é para ti un poema” e o [193] segundo que trata de romper o desacougo coa celebración gozosa do amor e da primavera na Terra Chá. E tres citas finais, unha tirada de *Satán di*, o primeiro libro da poeta americana Sharon Olds, sobre a violencia contra as mulleres con versos durísimos como “nas marcas das últimas mulleres do seu home”, outra da *Historia do rock and roll* de Antón Reixa sobre o socorrismo, que por certo é a primeira palabra que Xiana Arias escribe de seu no primeiro verso destas *Ortigas*, e por último toda unha declaración de intencións recollida na pintada nunha rúa do Porto, “Novos suportes, / velhas literaturas”.

Así é, dialéctica, narratividade, tensión dramática, teima por fuxir do convencionalismo son as armas coas que Xiana Arias constrúe estas *Ortigas*, coas armas da violencia mais contra toda violencia, a doenza máis grave da sociedade contemporánea. Unha lectura para a reflexión e non para quedármonos en silencio.